

O único lugar onde ficar inmóbil.

Arancha Nogueira.

É este que tes entre as mans un libro intenso, dos que non deberían quedar sen ler nos andeis das nosas librarías. É un libro que berra desde o silencio e visibiliza a dor desde o centro do corpo da muller.

Polas súas páxinas escorregan baldosas hidráulicas encharcadas en sangue. Sangue que mana desde *«o fío exquisito da alma/ (...) que non sabía que tiña»*. Este chan hidráulico que lle quitaron de debaixo dos pés e xa non ten superficie sobre a que camiñar por iso debe ficar inmóbil, agardando a que o outono pase, *«podería estar deitada todo o outono como nunha enfermidade estraña»*.

O libro sitúase na eternidade do momento exacto no que deixas de crer e descrés Colócase na perda da infancia, da parella, d@s bebés non [nad@s](#), *«... en todos os idiomas hai unha palabra para perda»*.

Mentres aínda están vívidos os saloucos do amor, caen ao mesmo tempo todos os recordos que gardara para expor nas vitrinas ao mundo.

Nese intre xorde o sentimento de estrañamento, de alleamento dunha propia e nace a autoexclusión necesaria, a matriosca perversa e o lugar onde ficar inmóbil con todas as crebas do amor sen recoller e sen poder colocar, *«agora o sangue de que non fomos/ estame tinguindo de lume nas pestanas»*.

Só resta chorar sen descanso perante os restos arqueolóxicos dos nosos soños, *«quen recolle os restos desta furna»*, o propio corpo como furna funeraria estéril. Soa ante tal feito, porque os homes sempre están a librar, supostamente, algunha batalla máis importante en Baltimore ou noutro lugar calquera e non contestan *«ás chamadas de auxilio»*.